



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, pola alcaldía presidencia, por Resolución nº 560/2026, do 19-05-2026, adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

ASUNTO: CONTRATACIÓN 1 PEÓN RURAL ACTIVO

EXPEDIENTE: 2026/E001/000006

A Resolución de Alcaldía de vinte e nove de abril do ano dous mil vinte e seis e nº 471/2026, aprobou as bases da convocatoria para a provisión, mediante contratación laboral temporal, de un posto de PEÓN/NA durante nove meses ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro do 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento de emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2026

A Resolución de Alcaldía do quince de maio de dous mil vinte e seis e nº 541/2026, aprobou a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do devandito proceso de selección.

Finalmente, rematado o prazo previsto na base sexta da convocatoria, sen que houbera reclamacións ou subsanacións, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a **lista definitiva** de admitidos/as e excluídos/as ás referidas prazas, que se transcribe de seguido:

ADMITIDOS/AS:

<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>D.N.I.</u>	<u>Nº DE REXISTRO CONCELLO</u>	<u>DATA DE PRESENTACIÓN CONCELLO</u>
López Fernández, David	***9689**	202699900002027	10/05/2026
Platas Vázquez, Fernando	***8504**	202600000000650	11/05/2026
Rocha Ramos, María José	***7513**	202600000000644	11/05/2026

EXCLUÍDO: Ningún/ha.

Segundo: Fixar o día 21 de maio ás 9:00 horas para a realización da fase de VALORACIÓN DE MÉRITOS polo tribunal no Edificio de Servizos Sociais do Concello de Bergondo.

Terceiro: A inclusión dos aspirantes na lista de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte da administración municipal de que os membros reúnen os requisitos esixidos, que deberán acreditarse con posterioridade, dado que os mesmos deberán posuírse no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes, a teor do preceptuado nas bases correspondentes.

Cuarto: Designar os compoñentes do Tribunal que serán os seguintes:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

PRESIDENTE: O capataz municipal: José Ángel Sánchez Paz ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: A Técnico Medio: Alberto Rilo Nogueira ou funcionario/a que o substitúa.

VOGAIS:

O oficial municipal: Sergio Alonso Naya ou funcionario/a que o substitúa.

A Técnica de Integración Social: Serezabel Rodríguez Rico ou funcionario/a que a substitúa.

A auxiliar administrativa: Sandra María Anido Freire ou funcionario/a que a substitúa.

En Bergondo, martes 19 de maio de 2026

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

Dou fe; a secretaria

Ana María Cacharrón Castelos”

E para que conste, para os efectos que corresponden, asino a presente certificación, por orde e co visto e prace da alcaldesa, en Bergondo, o martes 19 de maio de 2026.

Vº. e Pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

A secretaria xeral

Ana María Cacharrón Castelos